



Nota de prensa

Terá lugar este venres e sábado

FESBAL E EROSKI POÑEN EN MARCHA UNHA NOVA EDICIÓN DA OPERACIÓN QUILO DE RECOLLIDA DE ALIMENTOS

- **A campaña desenvolverase en todos os hipermercados EROSKI e na súa rede de supermercados do País Vasco e Navarra**
- **Á tradicional recollida de produtos en tenda súmase outro ano máis a posibilidade de compra de vales por valor de 5 € que se adquiren en caixa e cos que despois os Bancos de Alimentos adquirirán os produtos máis necesarios**
- **EROSKI colabora desde hai máis de 20 anos con FESBAL**

Elorrio, 29 de maio do 2019.- O vindeiro venres botará a andar a campaña Operación Quilo que a [Federación Española de Bancos de Alimentos \(FESBAL\)](#) e [EROSKI](#) organizan co fin de recadar as doazóns coas que os consumidores queren colaborar para axudar aos colectivos máis desfavorecidos. A iniciativa, que se prolongará ata o sábado, levarase a cabo en todos os hipermercados de EROSKI e na súa rede de supermercados do País Vasco e Navarra. Os supermercados franquizados do País Vasco e Navarra e o hipermercado franquizado de Melilla tamén participarán na campaña.

Por cuarto ano consecutivo, mantense como nas anteriores edicións a dobre modalidade de doazón: a entrega física tradicional de produtos e a recollida vía vales de 5 euros que os consumidores poden adquirir ao seu paso por caixa. Ao remate da campaña, a cantidade obtida a través dos vales quedará á disposición dos Bancos de Alimentos para adquiriren os produtos que consideren máis convenientes e necesarios.

"Un ano máis, apelamos á solidariedade dos nosos clientes cos colectivos máis necesitados. En EROSKI temos un compromiso coa sociedade no que a acción solidaria cos máis necesitados ocupa un lugar destacado e responsable en colaboración con diferentes organizacións sociais. Pola nosa parte, desde EROSKI un ano máis trasladaremos o noso apoio ao inestimable labor que realizan os Bancos de Alimentos sumando unha achega adicional do 7% sobre o total da doazón realizada polos clientes", explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

"Queremos agradecer a longa colaboración de EROSKI con FESBAL, unha edición máis. Esta nova edición da 'Operación Quilo' de recollida de alimentos é moi

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



importante para os Bancos de Alimentos participantes, xa que lles permite dispor nos seus almacéns dunha notable entrada de produtos alimenticios que posteriormente se lles distribuirán, a través das entidades benéficas coas que colaboran, aos colectivos máis desfavorecidos e necesitados”, afirmou o presidente da Federación Española de Bancos de Alimentos, Juan Vicente Peral.

Os clientes de EROSKI doaron máis de 1.500 toneladas de alimentos a través das campañas de recollida levadas a cabo no 2018 na rede comercial EROSKI a prol de FESBAL.

Máis de 20 anos de colaboración cos Bancos de Alimentos

EROSKI iniciou a súa colaboración cos Bancos de Alimentos en 1996 a proposta do [Banco de Alimentos de Biscaia](#) e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social. Así, naceron ese mesmo ano as campañas “Operación Quilo” de recollida de alimentos nas tendas EROSKI.

Posteriormente, EROSKI iniciou o seu programa de doazón de alimentos envasados próximos á súa data de consumo preferente pero aínda aptos para o seu consumo con total seguridade alimentaria. Hoxe este programa de EROSKI e os Bancos de Alimentos continúa vixente co compromiso [“Desperdicio Cero”](#) de non guindar ningún alimento que sexa apto para o consumo en toda a súa rede de hipermercados e supermercados.

Co comezo das primeiras consecuencias da crise económica, EROSKI e FESBAL estenderon este programa aos alimentos frescos, para o que foi preciso redefinir a loxística de doazón co fin de manter a cadea de frío e asegurar que os alimentos doados cheguen con total seguridade alimentaria aos seus destinatarios.

A cooperativa foi recoñecida co [“Premio Espiga de Ouro” no 2014](#), o máximo galardón que outorga a Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL) a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)